



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE
SANTIAGO

Número 6 /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL ROSALÍA 2024

A Coruña, a 20 de febreiro de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REÚNENSE

Dunha parte, Dona María Soledad Agra Tuñas, en representación da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Dona Miriam Louzao Fernández en representación do Concello de Santiago de Compostela.

As dúas persoas comparecentes interveñen en uso das súas facultades que por razón dos seus cargos lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que o Festival Rosalía púxose en marcha despois dun proceso de xuntanzas desenvolvido en 2017 entre a área de Cultura da Deputación da Coruña, o Concello de Santiago, a AELG e a Fundación Rosalía de Castro vinculado ao centenario da inauguración da estatua na súa honra da Alameda compostelá.

Que a Deputación da Coruña é a organizadora do Festival Rosalía 2024 que terá lugar en Santiago de Compostela os días 23 e 24 de febreiro integrado por un conxunto de actividades artísticas e unha feira cultural ao redor da figura de Rosalía, e que se desenvolverá nunha carpa na praza de Mazarelos.

Que ambas as partes, tendo en conta a importancia e valor da obra de Rosalía de Castro, a figura principal da literatura galega, que desenvolveu os fitos principais da súa vida no seo desta provincia, consideran que o Festival Rosalía ten un grande interese para poñer de manifesto a súa vixencia e manter a súa presenza. Dado o coincidente interese de ambas as dúas institucións acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é determinar o marco de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para favorecer a celebración do Festival Rosalía 2024 organizado pola Deputación da Coruña.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

Para acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes representadas comprometen a súa vontade, programando as seguintes actuacións:

a) Deputación Provincial da Coruña:

- * Organizar o Festival Rosalía 2024 e financiar todas as actividades programadas, para o que tramitará os expedientes que correspondan.
- * Elaborar as bases que regularán a participación e instalación de postos na feira.
- * Adxudicar os postos.

b) Concello de Santiago de Compostela:

- * Xestionar e financiar os permisos de actividade e o aluguer e montaxe da carpa e dos espazos que ocuparán os postos; a seguridade nocturna a noite do 23 ao 24 de febreiro e da tarde do 23 e do día 24.
- * Instalar un cadro eléctrico no lateral da praza.
- * Dar acceso ao espazo dos camaríns no edificio destinado para este fin.
- * Difundir o Festival Rosalía 2024 nos espazos municipais de difusión.
- * Poñer a disposición o espazo público necesario da praza Mazarelos para a instalación de postos de venda.

TERCEIRA.- Achega económica das partes

A Deputación Provincial da Coruña financiará os gastos derivados das súas obrigas cun importe de **50.453,9** euros de acordo co seguinte orzamento:

Comisariado para o deseño de contidos, dirección das actividades	4.235,00 €
Comisariado para coordinación xeral das actividades de difusión, prensa e imaxe	7.187,40 €
Roll-up, lonas, photocall	1.071,59 €
Material de merchandaising (bolsas e libretas)	1.183,91 €
Publicidade Festival Rosalía 2024	10.000 €
Gastos de produción 2 días (alugueiro de equipamento de luz e son , persoal técnico, decoración da praza, 3 persoas de produción setas caloríficas)	6.776,00 €
Actividades Culturais	20.000 €
TOTAL	50.453,9 €

O Concello de Santiago financiará os gastos derivados das súas obrigas cun importe de **8.255,01** € de acordo co seguinte orzamento:

- alugueiro de carpa, 2 jaimas, tarimas, transporte..... 6.050,00
- servizo de seguridade nocturna..... 1.116,01
- montaxe, conexión eléctrica, mantemento, e desmontaxe..... 1.089,00 €

CUARTA.- Xustificación.

A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acreditarán o cumprimento das obrigas asumidas na cláusula segunda, mediante a achega dunha certificación acreditativa do pago dos gastos que figuran na cláusula terceira; ademais, o concello acreditará a difusión do Festival Rosalía 2024 nos espazos municipais de difusión, mediante a achega de imaxes que o xustifiquen.

A documentación será remitida por cada unha das entidades asinantes á outra antes do 30 de novembro de 2024.

QUINTA.- Vixencia do convenio e modificación

As actuacións obxecto do convenio desenvolveranse no marco da organización e celebración do Festival Rosalía 2024, polo que a súa vixencia finalizará logo de que se teñan feitos todos os pagamentos derivados do dito festival e remitida a documentación sinalada na cláusula cuarta, tendo como data máxima o 31 de decembro de 2024.

Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos que correspondan o convenio poderá ser obxecto de modificación.

SEXTA.- Obrigas das partes

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio poderá implicar responsabilidade por parte da administración incumplidora, determinándose o alcance da responsabilidade de mutuo acordo ou a través do correspondente procedemento administrativo de responsabilidade.

SÉTIMA.- Xurisdición e seguimento

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número 2446 de data 24 de xaneiro de 2024.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

A REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A REPRESENTANTE DO
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.: María Soledad Agra Tuñas

Asdo.: Miriam Louzao Fernández

A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil